

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 28/10/2019
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 28/10/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21-oct-2019, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/4989

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministrados e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE LIMITES
ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	G94007911	225,00 €	28/10/2019	SI
BLANCO PEREZ, JESUS	44090809Q	1.222,95 €	28/10/2019	SI
COPRAROSA, S.L.	B36242956	1.620,80 €	28/10/2019	SI
CRESPO GOMEZ, CARLOS	15373039T	145,20 €	28/10/2019	SI
EMBALAJES PUBLICITARIOS GALICIA, SL	B70369764	2.722,50 €	28/10/2019	SI
GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	35449729J	1.748,58 €	28/10/2019	SI
GALLAECIA PATENTES Y MARCAS, S.L.	B70373667	2.057,00 €	28/10/2019	SI
GRAFICAS ANDURIÑA, S.L.	B36108173	993,20 €	28/10/2019	SI
KAEME CONSULT. Y PREVENCIÓN., S.L	B94017894	1.542,75 €	28/10/2019	SI
OPERA CONCERT, S.L.	B88125695	3.630,00 €	28/10/2019	SI
OZONA CONSULTING, S.L.	B15834872	3.541,66 €	28/10/2019	SI
OZONA CONSULTING, S.L.	B15834872	211,75 €	28/10/2019	SI
RODRIGUEZ CUIÑA, TERESA	35441551T	2.783,00 €	28/10/2019	SI

SERVICIO, CULT., DEP. Y RECREACIÓN, S.L.	B15416845	2.099,35 €	28/10/2019	SI
SKETCH SYSTEM, S.L.	B15535271	2.691,89 €	28/10/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4880

Dáse conta do escrito do CPR San Francisco, no que solicita autorización para a celebración da VI Carreira Solidaria LADESOL "Corro polo teu soño", o día 26 de abril de 2020, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Dáse conta da resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

Coa información dispoñible e contando coa experiencia dos anos anteriores, entendese que serán necesarias as seguintes medidas para o operativo de tráfico:

1. Será necesario retirar o estacionamento nas Avenidas da Mariña, Rivero de Aguilar e Valle Inclán, e nas rúas Alexandre Bóveda, Conde Vellellano, Arcebispo Lago, Padre Feijoo e Arapiles.

A retirada de todos estes estacionamentos causará prexuízos e incomodidades os veciños. Coa actualidade dispoñibilidade de persoal, non pode garantirse.

2. O percorrido discorre polas rúas Avenida da Mariña, Rivero de Aguilar, Valle Inclán, García de Caamaño, Castelao, Praza de Galicia, Arcebispo Lago, Alexandre Bóveda (pechando tamén o acceso a Alejandro Cerecedo), Valle Inclán, Conde Vellellano, Praza de Galicia, Padre Feijoo, Arapiles, Praza de Ravella, Ramón y Cajal, Rey Daviña, Praza de Constitución, Méndez Núñez, Juan García, Conde Vellellano e Avenida da Mariña. Pechando un circuíto durante catro horas como mínimo, que afectará a numerosos veciños (acceso os domicilios e uso de garaxes con vehículos a motor).

3. Este circuíto ademais do permiso municipal debe contar co permiso da Autoridade Portuaria e o control do tráfico, na zona portuaria non aberta ó público, por parte de axentes propios.

4. Afectará á colocación de terrazas nas rúas Castelao, Rey Daviña, Juan García e Méndez Núñez.

5. Solicítase que por parte do servizo de obras se proceda ao valado dos laterais do percorrido (polo menos unha barreira cada cinco metros), se non se conta con barreiras suficientes para facer este valado, sería necesario alugalas; deste traballo tería que ocuparse persoal da Fundación de Deportes, Servizo de Vías e Obras ou a organización, o propio día da carreira para causar o menor trastorno posible os veciños. Este valado do percorrido debería facerse en tódolos eventos (desfiles, probas deportivas, etc.) para seguridade dos participantes.

6. Afecta os negocios de aparcamento de Rivero de Aguilar e Avenida de A Mariña, que quedarán sen entrada e saída. Afecta o funcionamento da parada de Taxis de Conde Vellellano e as liñas de autobuses. As actividades de reparto, pan, prensa, etc.

7. O ano anterior solicitouse a delimitación da calzada de Valle Inclán con conos, o que non ten moito sentido, xa que a calzada ten unha mediana, pero no caso de que pretenda ocuparse unicamente a metade ca calzada mais próxima a Alexandre Bóveda (o que podería facilitar algunha saída de emerxencia), poderíanse ceder para o uso os conos necesarios, pero tería que colocalos e recollelos a organización ou persoal da Fundación. En caso de ser necesario deberan solicitalo con antelación, facendo mención da persoa que os recollerá e os entregará ó rematar a proba.

8. O día 26 de abril é domingo e o servizo previsto na policía local para a quenda de mañá, sempre que non se produzan diminucións da situación actual pro baixas, permisos urxentes, etc.,

o servizo resultaría insuficiente. Pediranse voluntarios para cubrir o servizo con horas extraordinarias de 08:00 a 14:00 horas (horario previsto pola organización de 10:00 a 15:00 horas), pero é posible que non se conte co persoal necesario, como ocorreu nos últimos anos para este operativo, polo que debe de requirirse os servizos de Emerxencias, Fundación de Deportes, voluntarios de Protección Civil ou organización que contén co persoal responsable necesario para manter os peches e o valado do percorrido.

9 Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

10 A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que, si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

11 Considerase que a actividade debera contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000 euros.

12 Ademáis propónse que durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

13 Deberá terse en conta que a instalación non deberá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada debendo axustarse ao indicado no informe da Policía Local e debendo contar co permiso da Autoridade Portuaria e o control do tráfico na zona portuaria non aberta ao público, por parte de axentes propios.

Dar conta á Fundación de Deportes e Servizo Municipal de Obras.

PRP2019/4914

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPRAROSA SL para o subministro de tubo SN4 de 315, nun total de 15 tubos, para a reposición de tubaxe de saneamento en Vilar Ponte, Os Duráns e reposición de pluviais en Rúa San José, por un importe total de 1.620,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4916

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana María Granja Guillán, en representación do PP Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia coa instalación dunha carpa e unha mesa con cadeiras os días 2 e 5 de novembro, en horario de 10:00 a 14:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4917

Dáse conta do escrito presentado por D. Mario Castro Rodríguez en relación con danos producidos presuntamente polo seu veciño.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que coa data de 26 de agosto se realizou comparecencia por parte de dous axentes da policía local na Rúa Morango a requirimento do solicitante por molestias ocasionadas polo veciño, non apreciando na vivenda lindeira as obras a que fai referencia o denunciante.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4918

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa zona de estacionamento situada á altura do nº 82 da Rúa Cervantes, que no caso de estar ocupada por vehículos dificulta a saída do inmovible, e propoñendo que no oco situado na zona de estacionamento que se indica no propio informe se coloque unha zona de pivotes/bolardos para o estacionamento de motos, bicis, etc. evitando así que os vehículos (coches) ocupen este último tramo do estacionamento antes da baixada da beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar a sinalización proposta.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4919

Dáse conta do escrito presentado por CD Fincas SC, en representación de CP GARaxes la Junquera - Avda. Doutor Tourón 32 manifestando que con motivo das obras realizadas pola Empresa Espina & Delfin SL na citada Rúa quedaron sen sinalizar de novo as entradas de carruaxes de acceso aos garaxes da Comunidade, e solicitan a sinalización horizontal das mesmas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente desde que se fixeron as obras de reparación das canalizacións do saneamento e posterior asfaltado na Rúa Dr. Tourón, no tramo comprendido entre os números 30 a 36, executadas pola Empresa Espina & Delín SL, desapareceu a sinalización horizontal polo que procede sinalizar as entradas de carruaxes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir á Empresa Espina & Delfín SL para que proceda á sinalización horizontal das entradas de carruaxes do nº 30 ao 36 da Avda. Doutor Tourón.

PRP2019/4922

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ozona Consulting SL para o subministro de tres cpu's, cinco pantallas e tres licenzas microsoft office 2019 para o Conservatorio Profesional de Música, por un importe total de 3.541,66 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.64100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2019/4923

Dáse conta de escrito da Delegación Provincial de Pontevedra da oficina do Censo Electoral comunicando a baixa da mesa 4-2-C (Castroagudin) por ter menos de 200 electores, fusionandoa coa mais cercana.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Oficina do Censo Electoral que teñan en conta a avanzada idade da poboación e a dispersión poboacional e en base a eses criterios se manteña a mesa electoral en Castroagudin.

PRP2019/4924

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Embalajes Publicitarios Galicia SL para o subministro de 5000 ud. de bolsas corporativas do Concello, por un importe total de 2.722,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4926

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sketch System SL para o subministro de material (lonas, vinilos, etc., ademais dun xogo de tintas), por un importe total de 2.691,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4927

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz, solicitando autorización para celebración do Samaín cunha queimada na vía pública, castañas asadas e música ambiente na terraza do establecemento Cafe Bar O Chirinjito, situado en Rúa A Baldosa nº 23, en horario de 21:00 a 01:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4929

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas efectuadas por D. John Leslie Caulfield, no que indican que persoas no lugar observase que efectivamente as persoas que circulen pola beira dos números 8 e 10 da Rúa Eiras (vindo da Praza Rafael Pazos), á hora da intersección coa Rúa Preguntoiro, non son visibles para os vehículos que xiren cara a súa esquerda (Rúa Preguntorio cara Praza Rafael Pazos), máxime tendo en conta a anchura do tramo (3,8 e 2,8 m.)

Polo tanto consideran conveniente a colocación dun espello que facilite a visibilidade tanto de peóns como de vehículos nesa intersección.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación dun espello na situación indicada pola Policía Local, na esquina ao carón do escalón da casa amarela non habitada.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4931

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social en relación coa adxudicación pola Xunta de Goberno Local de 23 de setembro da impresión e subministro de vinilos para difusión da "Guía de Mobilidade" á Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL por un importe total de 2.202,87 €, indicando que no desenvolvemento do proxecto se decidiu facer un cambio no deseño dos paneis, o que supuxo reducir o número previosto inicialmente á metade, aínda que lixeiramente mais grantes.

Como consecuencia produciuse unha redución do prezo final, que ascende a 1.981,56 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda modificar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro, sendo o prezo de adxudicación final á empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL, de 1.981,56 € (IVE incluído).

Estes gastos aplicaranse a liña de actuación EDUSI_AT_99994.1a_COMUNICACIÓN da EDUSI Vilagarcía Avanza, con cargo a aplicación orzamentaria 926-2269917 e o proxecto 2018-3-DUSI-7.

PRP2019/4933

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Nos de Sobradelo, solicitando autorización para celebración do XIV festival AC Nós de Sobradelo na Praza da II República e diversas salas do Auditorio Municipal o día 9 de maio de 2020, en horario de 19:00 a 22:00 horas, así como a colaboración municipal, con mesas, cadeiras, carteis, etc..

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización das citadas instalacións municipais de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do Salón

de Actos do Auditorio (754 butacas).

Visto o informe da Policía Local, para a ocupación da Praza da II República, deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4934

Dáse conta da acta de doazón ó Concello de Vilagarcía de Arousa, dun alburn fotográfico de Ramón Porto Casás, por parte de D. Julio López Vázquez, con destino ao Arquivo Municipal, co fin de garantir a súa conservación e divulgación.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión do citado documento e agradecer a D. Julio López Vázquez a doazón realizada.

PRP2019/4955

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar a cinco unidades o número de licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos remotos coa Empresa Ozona Consulting SL , para o período de outubro de 2019 a setembro de 2020, por un importe de 211,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/4950

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de outubro de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigações a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 34.761,26 € con cargo á partida 323.48007.

EMPREGO

PRP2019/4960

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego labora Xove 2019, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicio C.D. y Recreación SL, para a contratación do alugueiro de rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do módulo de Socorrismo, ao longo dos seis meses de actividade do Obradoiro, por un prezo unitario por rúa/hora de 9,13 € (+ IVE), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4961

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Jesús Blanco Pérez (Publicidad Blanco) para o subministro de vestiario adecuado a todos os compoñentes do módulo de turismo (pantalóns, polos, forros polares, cortaventos, parka de abrigo e mochilas), por un importe total de 1.222,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4962

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kaeme Consultoría y Prevención SL para a impartición do curso básico de prevención de riscos laborais, de 30 horas presenciais, para os alumnos do Obradoiro, por un prezo total de 1.542,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4963

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Teresa Rodríguez Cuiña para a impartición do módulo de inglés profesional para turismo, por un importe total de 2.783,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/4951

Dáse conta das solicitudes tramitadas ao abeiro das BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á

EDUCACIÓN INFANTIL PARA FAMILIAS CON ALUMNOS MATRICULADOS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS AUTORIZADAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CURSO 2019/2020

Visto o informe do Departamento de Educación , a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: A aprobación e o recoñecemento de obriga das seguintes axudas, nun total de 188, e un importe de 60 € para cada unha, polo que suman un importe de 11.580,00 €, con cargo á partida 231.48003 (6.750,00 €) e con cargo á partida 320.48003 (5.400,00 €)

Segundo: A aprobación das seguintes axudas, nun total de 5, e un importe de 60 € para cada unha, polo que suman un importe de 300,00 €, condicionando o seu pagamento á aportación da documentación que lles foi requirida

Terceiro: Denegar as seguintes axudas polas causas que se indican:

POR EXCEDER OS LÍMITES DE RENDA ESTABLECIDOS, son 52 :

POR NON ESTAR EMPADROADO/A O/A SOLICITANTE, é 1

POR ESTAR MATRICULADO NUN CENTRO FORA DO MUNICIPIO, son 4

POR NON ESTAR MATRICULADO NUN CENTRO EDUCATIVO, é 1

PRP2019/4953

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a contatación dos servizos de Rexistro da denominación da marca comunitaria do Festival Internacional de Música "Clasclas" (Tres clases: Clase 16, Clase 38 e Clase 41) á Empresa Gallaecia Patentes y Marcas SL, por un importe máximo de 2.057,00 € (IVE incluído) para o rexistro da marca con cargo á partida 3261.64000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4954

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales) para o subministro de material musical específico, cadeiras para interpretación musical e arcos, para o Conservatorio Profesional de Música, por un importe total de 1.748,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.62500:

- 5 cadeiras ergonómicas regulables
- 5 cadeiras ergonómicas fixas
- 1 sillín multiusos
- 2 cadeiras adaptadas a enenos d3e 38 cm.
- 2 cadeiras adaptadas a nenos de 42 cm.
- 1 arco de fibra de carbono para violín
- 1 arco de fibra de carbono para violonchelo

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4956

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por J.J. y A. Sobrino Granja CB para o subministro de

catro estanterías metálicas de almacenamento, por un importe total de 311,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4957

Vista a solicitude da Asociación de Diminuídos Psíquicos “Con Eles”, e a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo da Casa de Cultura para a realización da actividade “Clube de lectura doada”, os xoves, dende o 7 de novembro de 2019 ata o mes de xuño de 2020, en horario de 11:30 a 12:30 horas.

PRP2019/4958

Vista a solicitude de D. Jesús L. González López e a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a asistencia do Sr. González López para a súa asistencia á Convención da "Accademia Italia del Flauto", a celebrar en Roma os días 2 e 3 de novembro de 2019, con aboamento dos gastos de matrícula, que ascenden a 69 €, con cargo á partida 920.16200.

MERCADOS

PRP2019/4959

Visto o escrito de Dona Faustina Lafuente Vidal, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., o día 1 de novembro de 2019, nas inmediacións do cemiterio de Carril.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2019/4965

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para contratación de persoal nas Oficinas de Turismo do 15 de xuño ao 15 de setembro, facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida (contratación dun técnico en turismo para atender o incremento de visitantes e de demandantes de información na Oficina Municipal de Turismo, situada na Praza da Peixería.

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

MES	TOTAL RETRIB	S.S. EMPRESA	COSTE
Xuño	701,12	229,61	930,73
Xullo	1.317,84	431,59	1.749,43
Agosto	1.317,84	431,59	1.749,43
Setembro	774,51	215,80	990,31
TOTAIS	4.111,31	1.308,59	5.419,90

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/4966

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Maria Luisa Vilas Panceira polos danos sufridos o día 23 de agosto de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha caída ao tropezar cunha baldosa que estaba levantada na Avda. Rosalía de Castro.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Beirarrúa de 3,80 m. de ancho de baldosas de 40 x 40 cm.

Informe sobre a deficiencia alegada: Existe unha baldosa desprendida que ao pisala levántase 1 cm. Queda libre de paso a un lado e outro de dita baldosa 1,60 e 1,80 m. respectivamente.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento que dificulte a visibilidade.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter superado sen dificultade.

PRP2019/4967

Dáse conta da reclamación formulada por D. Juan Ramón Moldes Abal polos danos sufridos o día 8 de agosto de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha inundación na súa vivenda, situada en Avda. de Vilanova nº 8, debido á choiva e ás obras que se estaban a realizar na Rúa Vázquez Leis.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica que era unha empresa allea a que estaba a facer unha canalización de tubería na vivenda contigua e provocouse o desborde das augas fecais..

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación e comunicar ao Sr. Moldes Abal que a responsabilidade do sinistro sería imputable á Empresa Nexia Infraestruturas, que realizaba as obras na zona contigua á vivenda afectada, polo que deberá presentar a súa reclamación ante a citada Empresa, se o considera oportuno.

PRP2019/4968

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Elzira Crisostenes Crisostenes polos danos sufridos o día 24 de xuño de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha caída debido ao mal estado da vía nas inmediacións do Centro de Saúde de San Roque.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Beirarrúa de 1,80 m. de ancho en baldosa de 30 x 30 cm

Informe sobre a deficiencia alegada: A fronte do Centro de Saúde mide 7,80 m de largo x 1,80 de ancho. Existen 4 baldosas que ao pisalas se levantan unha oscilación de + - 2 cm. Na reclamación non pon o número do sinistro e di que os policía gravaron pero non hai expediente feito pola Policía Local.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento que dificulte a visibilidade das baldosas rotas.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter superado sen dificultade.

PRP2019/4969

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Esmeralda Fernández Rañó polos danos sufridos o día 8 de marzo de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha caída ao tropezar cunhas plaquetas desniveladas na beirarrúa da Av. Doutor Moreira Casal nº 1

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Beirarrúa de baldosas 60 x 40 cm. d 3 m de ancho con alcorque de 80 x 80 cm.

Informe sobre a deficiencia alegada: Pequeno desnivel nunha fila de baldosas en sentido horizontal, ocupando 2,75 m. ata o alcorque. No lado de maior desnivel, esa fila está fundida uns 2,3 mc. aproximadamente

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento que impida a visibilidade de afundimento das baldosas.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo unha zona suficientemente ampla como para poder sortear sen dificultade calquera defecto do pavimento e ocorrendo os feitos en zona perfectamente iluminada.

PRP2019/4970

Dáse conta da reclamación formulada por D. José manuel Camiño Seoane, en representación de Dona Rosa Piñeiro Rodríguez polos danos sufridos o día 9 de setembro de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha caída ao torcer o pe debido a un desnivel na Rúa Fonte de Faxilde

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Pista de aglomerado asfáltico de 2 m. de ancho

Informe sobre a deficiencia alegada: Pista con desnivel contra un dos lados, de 0,50 m. de ancho, quedando libre de paso 1,50 m. Dito desnivel ten uns 8 cm. con respecto á rasante do vial.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento, nin obstáculo que dificulte a visibilidade do afundimento.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter evitado sen dificultade e mais tendo en conta que os feitos ocorren a plena luz do día e na mesma rúa na que reside.

Así mesmo non se ten constancia de outras caídas na mesma zona.

PRP2019/4971

Dáse conta da reclamación formulada por D. Jesús Fernández Parra polos danos sufridos o día 27 de maio de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha caída no Paseo á altura do Parque de Compostela, debido a unha baldosa solta.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Paso peonil de 10:00 m de ancho con lousas de pizarra

Informe sobre a deficiencia alegada: No centro do paseo existe unha lousa de pizarra que está solta e levantada 1,5 cm. dun dos extremos. Existe paso a un lado e outro da lousa de 5,00 m. e 4,70 m. respectivamente.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento, nin obstáculo que dificulte a visibilidade da lousa.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter evitado sen dificultade e mais tendo en conta que os feitos ocorren a plena luz do día.

Acórdase así mesmo remitir o expediente á Xefatura Provincial de Costas, por ser o Organismo titular do Paseo Marítimo.

PRP2019/4972

Dáse conta da reclamación formulada por D. José Fieira Méndez, en representación de Dona Antonia López Villaronga polos danos sufridos o día 30 de agosto de 2019, cando, segundo a súa manifestación, a Sra. López Villaronga sofre unha caída no Paseo debido a unhas lousas que estaban rotas.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Paso peonil de 7:00 m de ancho con lousas de pizarra

Informe sobre a deficiencia alegada: No paseo marítimo cun ancho de 7 m. hai unha lousa de pizarra á cal lle falta un pedazo de 25x6 cm e 2 cm. de alto, dita lousa está correctamente colocada, quedando libre un paso de 3,80 m. e 2,10 m. respectivamente.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento, nin obstáculo que dificulte a visibilidade da lousa.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola

propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter evitado sen dificultade e mais tendo en conta que os feitos ocorren a plena luz do día.

Acórdase así mesmo remitir o expediente á Xefatura Provincial de Costas, por ser o Organismo titular do Paseo Marítimo.

PRP2019/4973

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Irene Roo Lorenzo polos danos sufridos pola súa filla Sara Castro Roo, o día 8 de marzo de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sofre unha caída debido ao mal estado da rúa na que reside (Celso Emilio Ferreiro).

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Beirarrúa de 4,20 m. de ancho de baldosas de 40 x 40 cm.

Informe sobre a deficiencia alegada: Beirarrúa de 4,20 m. na cal hai 2 baldosas soltas cunha oscilación de + - 2 cm. a un m. do bordo, quedando libre de paso 2,40 m.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non hai ningún elemento que dificulte a visibilidade das baldosas.

Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que á vista da documentación aportada pola propia reclamante considérase que a irregularidade existente non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter superado sen dificultade, mais tendo en conta que os feitos ocorren a plena luz do día e na mesma rúa na que vive a afectada.

PRP2019/4974

